


DOCUMENTO Documento de TREWA: S-12 2016 Acta Administrativa	IDENTIFICADORES a: TD05_DECLARACION, b: 78031 87023	
OTROS DATOS Código para validación: V2J13-J4MFK-9SH4M Fecha de emisión: 20 de octubre de 2016 a las 11:35:48 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. SECC. CONTRATACION de AYT0.CORUÑA.Firmado 18/10/2016 08:56 2.- CONCELEIRA DE FACENDA E ADMON. de AYT0.CORUÑA.Firmado 20/10/2016 11:11	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 696838 V2J13-J4MFK-9SH4M 07C7DBF086E5974092D4B46A6393297D5AE287D0) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo de Contratación
Ref. S-12 43010I026S 430/2016/103
Acta apertura administrativa

ACTA

Presidenta
Mª Eugenia Vieito Blanco

Vogais
Juan José Anido Hermida (acctal.)
Beatriz Mariño Vila
Marta García Pérez

Secretaria
Mónica Vales Rodríguez (acctal.)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as once horas e once minutos do día catorce de outubro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan en tempo e forma os licitadores ao procedemento aberto con diversos criterios de valoración para contratar a **subministración de cinco lotes de vestuario para a Policía Local**.

Pola presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polos licitadores, que resultaron ser os seguintes:

Número un- Insigna Uniformes, SL (Lotes 1, 2 e 3)

Número dous- Punto 2 uniformes, SL

Número tres- El Corte Inglés, SA (Lotes 1, 2 e 3)

Número catro- Sagres, SL (Lotes 1, 2, 3 e 4)

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todos licitadores presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares, agás a empresa que de seguido se desagrega:

Número catro- Sagres, SL (Lotes 1, 2, 3 e 4), que terá que presentar unha declaración responsable onde conste o apartado "C) Apoderados" e que forma parte do ANEXO I- DECLARACIÓN RESPONSABLE-, para completar a presentada á licitación.

A Mesa acorda admitir a todos os licitadores presentados ao procedemento, excepto ao citado, por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas técnicas realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as once horas e trece minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e prace

A presidenta da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

Mª Eugenia Vieito Blanco